



TAREFAS DE LINGUA GALEGA DA TERCEIRA SEMANA DE MAIO

Imos a deixar aquí o que se pide en segunda de lingua galega en relación a gramática e expresión escrita.

GRAMÁTICA

- 1.-As letras e o abecedario.
- 2.-Palabras e sílabas.
- 3.-A oración.Clases de oracións.
- 4.-O suxeito e o predicado.
- 5.-Os pronomes persoais.
- 6.-O substantivo.Clases de substantivos.
- 7.-O xénero e o número dos substantivos.
- 8.-Os determinantes.
- 9.-O adxectivo.
- 10.-O verbo en presente.
- 11.-O verbo en pasado.
- 12.-O verbo en futuro.

EXPRESIÓN ESCRITA

- 1.-Escritura de palabras e oracións con boa letra e sen saír das pautas.Realización dun ditado.ELABORACIÓN DUNHA INVITACIÓN DE ANIVERSARIO.
- 2.-EXPLICACIÓN DUNHA RUTA.
- 3.-EXPLICACIÓN DUN XOGO.
- 4.-DESCRCIÓN DUN ANIMAL.
- 5.-ANUNCIO DUN ACTO.
- 6.-REDACCIÓN DUN CONTO SOBRE UN INSECTO.

- 7.-DESCRIPCIÓN DUN LUGAR.
- 8.-DESCRIPCIÓN DUN PERSONAXE FANTÁSTICO.
- 9.-REDACCIÓN DUNHA CARTA.
- 10.-ELABORACIÓN DUN CARTEL.
- 11.-ELABORACIÓN DUN CATÁLOGO.
- 12.-REDACCIÓN DE INSTRUCCIONES.

Ahora imos a por unas actividades para repasar,reforzar e ampliar se é o caso para esta semana.Imos a facelo co punto 3,4 e 5 de gramática.

1.-Copia con boa letra e logo copia unha oración EXCLAMATIVA e unha INTERROGATIVA.

UNHA MAÑÁ SORPRENDENTE.

Esta mañá pensei que me gustaría que nevase.Que gana tiña! De súpeto, mirei pola ventá e vin que comezaba a nevar.Parecía cousa de maxia...Ti que pensas?

2.-De que tipo de oración é?

.-Quero ir a piscina! .-Teño sete anos .-Como te chamas? .-
Que hora é? Pódesme botar auga!

3.-Transforma estas oracións segundo che pida:

É MOI GRANDE! En interrogativa.

Quere beber auga? En Enunciativa.

Que sono En exclamativa.

4.-Completa as oracións co signo adecuado ¿ .!

.-Que casa máis grande .-Merquei o pan .-Cando chegarás .-Cantos anos tes .-Bo día Chámome Uxía .-Calade .-Gústame ir ao cine

5.- A que che gusta xogar?.Escribe.

6.-Suliña o suxeito de cada oración:

.-María coceu cinco mazás.

.-Lola xoga coa veciña.

.-Breixo e Xacobe comen no comedor.

7.- Copia e recorda.

O SUXEITO di qquen fai a acción do verbo.

O PREDICADO di o que fai o suxeito.

8.-Marca as oracións que teñen suxeito e predicado:

.-O can pide comida .-Un empacho de bombóns

.-Marta e Carme .-Os amigos xogan no parque.

9.-Escribe unha oración con suxeito e predicado.

10.-Explica que animal che gusta máis e por que.

Imos a repasar os pronomes persoais.

Recorda e estuda:

Os PRONOMES PERSOAIS son as palabras que serven para nomear as persoas se dicir o seu nome.Os pronomes persoais son eu,ti,el,ela,nós,vós,eles,elas.

11.-Que pronome persoal usarías para nomear as persoas destacadas en cada oración:

.-ANA e MARÍA son curmáns.

.-XOAN e TI comedes unha mazá.

.-ELENA e EU viaxamos en avión.

.-CIBRÁN e eu somos irmáns.

.-O ESQUÍO roe unha piña.

.-ANTÍA e IRIA van ao cine.

12.-Arrodea os pronomes persoais:

Eu son Sabela. Todos os venres ,ela vai á praza. Hoxe nós compramos costela para facer un churrasco e elas compraron os chourizos. Si, eu vou de cabezudo e ela tocará o tambor.

13.-Completa con pronomes persoais:

.-chámome Ana..-.....chámaste Antón.

.-chamámonos María e Pedro.

14.-Escribe unha invitación para un amigo ou unha amiga para celebrar o teu aniversario. Non esquezas de poner o nome do amigo ou da amiga. Asinas co teu nome e por ben clariño o día, a hora e o lugar onde vas a celebralo.

15.-Prepara este ditado que logo copiarás na túa libreta axudado por alguén cercano.

Rita puxo un gran sorriso ao ver os doces. O carpinteiro corta unha táboa, Miña nai escoita a radio todas as mañás. Picouse a roda do coche!. Henrique gañará: corre máis rápido. Clara sorriu cando viu chegar a Raquel.

16.-Por que pronome cambiarías:

.-Rita .-O carpinteiro .-Miña nai .-Enrique.

17.-Contesta a estas preguntas:

Contaches alguna vez unha mentira? Que pasou? Como te sentiches?